

Bernardo Varela López, voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense; María Mangana Guede e Xosé Manuel Puga González deputados do grupo provincial do BNG, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte: **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) DEMANDANDO O INMEDIATO PAGAMENTO DAS AXUDAS POLOS LUMES 2025 POR PARTE DA XUNTA DE GALIZA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como xa se ten constatado nesta Deputación Provincial, a vaga de lumes do verán do 2025 foi unha das máis devastadoras da historia de Ourense e da Galiza. Os lumes máis graves afectaron ás zonas do Larouco, Chandrexa de Queixa, Oimbra, A Mezquita, Vilariño de Conso ou Maceda, porén estendéronse a practicamente todas as comarcas de Ourense, con consecuencias moi graves que obrigaron a evacuacións de poboación, cortes de comunicacións terrestres, incluíndo estradas e liñas ferroviarias, permanecendo durante días no nivel dous de emerxencia e precisando mesmo da intervención de medios doutras comunidades autónomas, do Estado e de Portugal para facer fronte á situación.

Compre lembrar que foron máis de 118.000 hectáreas calcinadas segundo datos da Xunta de Galiza e máis de 140.000 hectáreas segundo o sistema europeo Copernicus.

Lonxe do relato da Xunta de Galiza, que cualificou estes incendios como “impredecibles”, cómpre lembrar que xa no ano 2019 o grupo de expertos de apoio á comisión parlamentaria sobre incendios forestais (GEPF), entregou ao Parlamento de Galiza e á Consellaría do Medio Rural un amplo conxunto de recomendacións para transformar o modelo forestal e mellorar a prevención. Arredor do 70% desas recomendacións non foron aplicadas, especialmente todas aquelas relacionadas coa prevención.

Entre as medidas e compromisos anunciados pola Xunta tras a vaga de lumes atopábanse axudas que se abonarían antes de finalizar o 2025 ou que se asumiría a xestión das franxas secundarias nos concellos de menos de 10.000 habitantes.

Así, a través do Decreto 76/2025 regulábanse axudas polos danos causados polos lumes do verán de 2025.

Desde o BNG xa no seu momento cualificamos de **insuficientes e moi burocráticas** as axudas convocadas.

Así, e segundo datos facilitados por Medio Rural en sede parlamentaria, a Xunta só tiña abonado o 15% das axudas solicitadas por explotacións agrícolas e só se restauraron 6000 ha das que resultaron queimadas, o que ten xerado xa

graves consecuencias como na comarca de Valdeorras coas escorrentías de cinsas coas precipitacións que se teñen producido. E o prazo para executar a limpeza das faixas de seguridade nos municipios de menos de 10.000 habitantes remata o día 31 de maio.

Sen que o novo modelo de convenio con SEAGA vaia permitir ter a tempo os traballos de limpeza nas faixas de protección e nos núcleos rurais.

Eses mesmos datos facilitados polo Goberno Galego indican que foran tramitadas un total de 1550 solicitudes de axudas polos danos causados polos lumes do verán 2025. **Das cales 1358 correspóndense con solicitudes de persoas e empresas afectadas nas distintas comarcas de Ourense, especialmente na zona oriental (a máis afectada polos lumes).**

No mes de marzo de 2026 a situación dos expedientes tramitados era a seguinte:

- Solicitudes aprobadas 297 (19 %)
- Solicitudes pagadas 233 (15%)
- Solicitudes en tramitación 1020 (66 %)

É absolutamente incomprensible esta situación de deixadez por parte da Xunta, logo de terse comprometido a efectuar o pagamento antes de rematar o ano 2025.

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a que axilice e faga efectivas as axudas comprometidas coa veciñanza afectada polos lumes.
2. Trasladar de urxencia o presente acordo á Consellería do Medio Rural.

Ourense, 13 de maio de 2026

Asdo: Bernardo Varela López
Portavoz do Grupo Provincial do BNG de Ourense

A SEÑOR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE